



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 2º BACHARELATO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

LENDA APLICABLE AO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Aqueles estándares **básicos**, dado o seu carácter fundamental para superar a materia.
2. Aqueles estándares que o alumnado debe **controlar con soltura**, pero que non teñen carácter fundamental para o dominio da materia.
3. Aqueles estándares de **nivel máis alto**, que o alumnado non ten que dominar obrigatoriamente.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1 Comunicación oral: escoitar e falar	
LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	1
LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	1
LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	1
LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).	1
LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	2
LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	2
LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.	1
LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.	2
LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.	3
LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	3
LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	1
LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	2
LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	2
LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	1
LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	2
LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.	1
LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	2
LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra	1

a expresión precisa.	
LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	1
LGB1.5.7. Tenta buscar a complicitade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.	3
LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	2
LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	1
LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	1
LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	2
LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	1
LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.	1
LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	1
LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribución das persoas interlocutoras.	1
LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	1
LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	1
LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	1
LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	2
LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	2
LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	2
LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	3
Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir	
LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	1
LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	1
LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	1
LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	2
LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.	1
LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	1
LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	1
LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.	1
LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.	1

LGB2.3.4. Organiza os contados dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.	2
LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	1
LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.	2
LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.	2
LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	2
LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.	3
LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.	2
LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	2
Bloque 3: Funcionamento da lingua	
LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.	1
LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	2
LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.	1
LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras.	1
LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	1
LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	1
LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	1
LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	1
LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	3
LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	2
Bloque 4: Lingua e sociedade	
LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.	1
LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	2
LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.	2
LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castellanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	1
LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).	1
LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.	1
LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.	1
LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.	2
LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	1
LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).	1

LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.	1
LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.	2
LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.	2
LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.	1
LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	2
LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	2
Bloque 5: Educación literaria	
LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	1
LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	1
LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	1
LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.	1
LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.	1
LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	1
LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	1
LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	1
LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	1
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2

LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	2
LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	1

2. Criterios de cualificación (indicar os criterios para os tres posibles escenarios)

● ENSINO PRESENCIAL

A **nota de cada avaliación** calcularase do seguinte xeito:

Probas escritas: 90%

Traballo diario (na casa e na aula): 10%

Libro lectura (voluntario): 0,5 máis sobre a media da avaliación

Se un alumno falta a unha proba escrita, só se lle repetirá se achega un XUSTIFICANTE OFICIAL que acredite a imposibilidade de facer o exame na data fixada.

A cualificación mínima para superar cada avaliación, e a materia a final de curso, é de 5.

A **nota final do curso** será o promedio ponderado das tres avaliacións:

1ª AVALIACIÓN 20%

2ª AVALIACIÓN 30%

3ª AVALIACIÓN 50%

Atendendo a este criterio, un alumno/a pode ter aprobada a 3ª avaliación, pero obter unha calificación inferior a 5 na nota final, ou sacar na 3ª avaliación unha nota superior á súa calificación final.

No **período abranguido entre a terceira avaliación parcial e final e a avaliación extraordinaria** realizaranse actividades de apoio e reforzo, de ampliación e de recuperación.

Expresión e cuestións formais

Na cualificación dos exames, así como de calquera traballo escrito teranse en conta a corrección formal e a destreza do alumnado no uso escrito da lingua. Así, poderase descontar da cualificación global ata un máximo de 2 puntos por erros relacionados cos seguintes aspectos:

—Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico ou sintáctico (tempos compostos, mala colocación dos clíticos, anacolutos).

—Graves: Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico (*silla, *hasta...), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións...

● ENSINO SEMIPRESENCIAL (Motivado pola Covid)

Os criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación manteríanse, reservando o período de ensino telemático exclusivamente para realizar diversas tarefas e / ou traballos (avaliados ao mesmo nivel que os realizados presencialmente) que cada profesor estipule, explicación dalgúns contidos, envío e corrección de actividades. Para realizar as probas obxectivas esperarase á reincorporación ao ensino presencial.

● ENSINO A DISTANCIA (Motivado pola Covid)

No caso de que as autoridades sanitarias decidan a suspensión da actividade presencial por un tempo prolongado ou que, sen selo, imposibilite a realización presencial das probas correspondentes a cada unha das avaliacións, co fin de outorgar en cada curso unhas cualificacións da materia coa maior obxectividade posible, o profesorado poderá deseñar probas telemáticas ou substituílas por tarefas e/ ou traballos en función de cada curso e da situación de excepcionalidade vixente.

Estas probas ou tarefas desenvolveranse no formato establecido polo profesor/a e o alumnado será informado previamente das súas características.

O alumnado será avaliado na fase non presencial mediante a elaboración de traballos escritos ou orais, probas ou cuestionarios e realización de tarefas indicadas polo profesorado. Estas poden ser de distinto tipo, atendendo ás posibilidades que nos ofrecen as aulas virtuais. O profesorado recollerá de forma sistemática a información dos traballos entregados polo alumno e revisará se as entregas realízanse dentro dos prazos establecidos e a calidade dos mesmos. Se, atendendo ás particularidades da situación, se imparten clases por videoconferencia, pódese ter en conta a participación do alumnado nelas ou nos chats e foros que se habiliten.

● ALUMNADO EN CORENTENA

Durante este curso pode ser frecuente que haxa alumnado que, aínda atopándose ben fisicamente, non poida asistir a clase durante algúns días/semanas por estar en corentena.

Nestes casos, o sistema que se seguirá será o seguinte: O profesor/para comunicará ao alumno/a e/ou ás súas familias, a través das canles de comunicación habituais (aulas virtuais Moodle, correo electrónico ou Abalar) as tarefas que se están levando a cabo nas clases presenciais, e será a súa responsabilidade realizalas durante o seu período de corentena e remitilas ao profesor/a de a forma que este lle indique.

As probas obxectivas que se realicen durante ese período realizaraas presencialmente no momento da súa incorporación ao instituto, o primeiro día ou, como moi tarde, ao día seguinte. Se se dá o caso de que non fose posible realizalas presencialmente dentro da avaliación, o alumno/para realizaría unha proba telemática, seguindo as instrucións do seu profesor/a.

Os criterios de cualificación manteríanse, dado que se segue considerando que este alumnado está escolarizado no ensino presencial.

Isto mesmo aplicarase a todo tipo de ausencias nas que o alumnado non estea imposibilitado para poder seguir traballando dende a casa.